



Número de expediente: 2018/NOMFUNCONTEMP/000028

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO RELATIVA AO NOMEAMENTO INTERINO DUN TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA O SERVIZO DE INTERVENCIÓN

Tras examinar a proposta da concellería de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio relativa ao nomeamento dun funcionario interino coa categoría de técnico de administración xeral para a cobertura dunha vacante existente no Servizo de Intervención, faise constar que:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Na sesión que tivo lugar o día 7 de xuño de 2004, a Xunta de Goberno Local prestou aprobación ás Bases xerais para a provisión interina de prazas de funcionarios vacantes e para a substitución temporal de persoal funcionario ou laboral do Concello.

A Xunta de Goberno Local na sesión do día 2 de maio de 2006, adoptou un novo acordo no que, no seu punto primeiro, se procede á derogación do artigo 6 das Bases xerais reguladoras para a provisión interina de prazas de funcionarios vacantes e para a substitución temporal de persoal funcionario ou laboral do Concello, aprobadas mediante acordo do 7 de xuño de 2004, que regula os requisitos para a inclusión na lista única de reserva priorizada cando no se tivesen convocado oposicións.

2.- No Boletín Oficial da Provincia do 14 de outubro de 2014, anunciouse a convocatoria para a confección dunha lista de reserva (lista B) para provisión interina de prazas de técnico de administración xeral, subescala técnicos, no Concello de Pontevedra de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 29 de setembro de 2014.

Efectuada a fase de oposición e unha vez finalizada a fase de concurso, procedese a ditar Resolución do concelleiro de goberno responsable da Área de Réxime Interior e Persoal do 18 de decembro de 2014 polo que se aproba a Lista (B) de reserva para a provisión interina de prazas de técnico de administración xeral encadradas no grupo A, subgrupo A1.

3.- Ao atoparse agotada a anterior lista B, no Boletín Oficial da Provincia do 26 de xaneiro de 2016 (BOP núm. 16), anunciouse a convocatoria pública para a formación, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha lista de reserva (listas C) que permita prover de forma interina prazas dentro do Concello de Pontevedra coa categoría de técnico de administración xeral, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 21 de decembro de 2015.

Efectuada a fase de oposición e unha vez finalizada a fase de concurso, procedese a ditar Resolución do concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio do 20 de xullo de 2016 polo que se aproba a Lista (C) de reserva para a provisión interina de prazas de técnico de administración xeral encadradas no grupo A, subgrupo A1. Esta lista atópase supeditada á anterior lista B, que é de aplicación preferente.

En todo caso, cómpre advertir que o funcionamento das Listas de reserva aprobadas (lista B e C) se axustarán ás previsións dos artigos 11, 12, 13, 14 e 15 das Bases reguladoras da Convocatoria. As ditas listas terán unha duración de 3 anos ou de menos no caso de que houbese un novo proceso selectivo para estas prazas, momento a partir do cal deixaríase de ter vixencia. Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia a unha interinidade dará lugar as seguintes medidas: primeira renuncia: seis meses de exclusión; segunda renuncia: exclusión definitiva da lista. Se ben, cómpre ter en conta que no caso da Lista C xa se prevé que a renuncia non será causa de exclusión da lista, nin temporal nin definitiva, cando se deba a algunha das seguintes situacións no momento do chamamento: atoparse



en situación de incapacidade temporal con alomenos dous días de antelación ou ter unha relación laboral ou funcionarial vixente.

4.- O 30/07/2018, a Interventora xeral municipal, co conforme do concelleiro de goberno responsable da Área de Facenda, presenta un escrito onde, entre outros extremos, sinala o seguinte:

“(…) En data 22 de xaneiro de 2018, quedou vacante o posto de traballo de xefe de sección do servizo de Intervención, por traslado do seu titular José Francisco González Neira ao posto de xefe do servizo de Contratación, segundo expediente 2018/SOLXENEMPREG/000005.

Tal e como se pon de manifesto no informe do servizo ao mencionado expediente “indudablemente as consecuencias para o servizo son a perda de un funcionario formado, tendo en conta a especialidade que require a formación de un técnico en intervención pola necesidade de formación en materias moi específicas como son a xestión contable e orzamentaria por unha banda, e polo volume de materias sobre as que tense que afondar no servizo de intervención (contratación, persoal, expropiación forzosa, responsabilidade patrimonial, tributaria, subvencións, etc).

Deste xeito se ben a solución aporta estabilidade ao servizo de contratación, e indubidable que causa un quebranto no de intervención”.

Os servizo de OXPC e Intervención, soportan un volume intenso de traballo, polo grande número de expedientes que pasan polo mesmo, para a súa fiscalización ou anotación contable (ademais doutras moitas tarefas colaterais relacionadas coas anteriores) e intensidade das actuacións que sobre os mesmos se realizan.

En consecuencia, a petición deste servizo, mediante resolución da Alcaldía de 05/02/2016 acordouse nomear a dona Alba María Otero Oitavén, técnica de administración xeral deste Concello, por acumulación de tarefas, por un período de seis meses, a partir do 6 de febreiro de 2018.

Tendo en conta que se manteñen as circunstancias que fundamentaron o primeiro dos nomeamentos (que damos por reproducidas nesta proposta), que o vindeiro 5 de agosto de 2018 cesará a funcionaria interina polo transcurso do prazo máximo de duración do seu nomeamento e que se mantén a necesidade de cobertura do posto de traballo de maneira urxente e inaprazable.

SOLICÍTASE que se inicie o expediente necesario para o nomeamento dun técnico da escala de administración xeral, para ocupar o posto vacante de Xefe de Sección do servizo de Intervención, da da a necesidade urxente e inaprazable de facilitar os medios necesarios e suficientes para o desenvolvemento das funcións encomendadas (...)

5.- A concellería de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio na súa proposta do 23 de agosto de 2017, dada a imposibilidade de prover este posto mediante unha redistribución dos efectivos existentes na actualidade nesta Administración municipal e á vista da necesidade exposta no informe emitido para estes efectos pola Interventora xeral municipal, co conforme do concelleiro de goberno responsable da Área de Facenda, esta concellería de goberno, xa que é imprescindible para o funcionamento desta administración a tramitación dos asuntos da súa competencia, **considera urxente e inaprazable** prover o posto solicitado mediante un nomeamento interino para ocupar o posto de xefe de sección adscrito ao Servizo de Intervención (CDG 6102) e, en consecuencia, propón que se inicie o expediente para proceder ao nomeamento dun funcionario interino, correspondéndolles ao candidatos da devandita Lista de reserva (Lista C), de acordo coa súa orde de puntuación e requirindo aos interesados para que acepte ou renuncie no prazo de 48 horas, achegando a documentación preceptiva. En caso de renuncia proporase os seguintes candidatos en orde de puntuación.

O/a funcionario/a interino/a nomeado/a estará adscrito ao posto de xefe de sección do Servizo de Intervención (CDG 6102) e desenvolvera as funcións propias do citado posto, percibindo as retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de clasificación e as complementarias correspondentes ao posto de traballo, podendo estenderse os nomeamentos ata que finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ata que se produzan aquelas outras circunstancias legais que así o motiven ou se dea a circunstancia recollida na base 12ª das Bases xerais reguladoras da lista de reserva (lista C) para cubrir





prazas vacantes coa categoría de técnico de administración xeral.

6.- Emitido informe polo Servizo de Persoal que consta no expediente, a Intervención Xeral Municipal informa o expediente de conformidade indicando que procede continuar coa súa tramitación.

7.- Con data do 06/09/2018, don Juan Antonio Lorenzo Ramírez acepta a oferta de nomeamento como funcionario interino na categoría de técnico de administración xeral que lle foi comunicada polo Servizo de Persoal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O Real Decreto Legislativo 2/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE de 31 de outubro de 2015, dispón no seu artigo 10 que son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando existan prazas vacantes e non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira ou para a substitución transitoria dos titulares.

O procedemento de selección de funcionarios interinos deberá realizarse mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O cese producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

Segundo.- A lei 2/2015 do emprego público de Galicia, dispón, no seu artigo 23.1.a) que poderá nomearse funcionarios interinos cando existan postos vacantes, con dotación orzamentaria, cando non sexa posible a súa cobertura por persoal funcionario de carreira. Os postos vacantes desempeñados por persoal funcionario interino deben incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non é posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización ou, no caso do persoal docente, que a planificación educativa o impida.

No artigo 24.1 da lei 2/2015 sinálase que a selección do persoal funcionario interino realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia.

Así mesmo, o artigo 24.2 dispón que o cesamento do persoal funcionario interino producirase, ademais de polas causas que determinan a perda de condición de funcionario de carreira, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento; por amortización do posto que ocupe; por adscrición provisional ao posto de persoal funcionario de carreira ou provisión definitiva do posto por persoal funcionario de carreira; por transcurso do prazo máximo de duración do nomeamento; por incumprimento sobrevido dos requisitos exixidos para o desempeño do posto e pola reincorporación da persoa titular do posto, no suposto da súa substitución transitoria.

O cesamento do persoal funcionario interino non dá lugar a indemnización, agás no casos en que por causa del a persoa cesada non poida facer efectivo o seu dereito a vacacións nos termos previstos polo artigo 132 desta lei.

Por outra banda, o artigo 25.1 establece que ao persoal interino élle aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do persoal funcionario de carreira e, no seu apartado 4 sinala que a prestación de servizos en réxime interino non constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, porén, malia o anterior, o tempo de servizos prestados computarase nos supostos de concurso-oposición, nos termos que se establezan na correspondente convocatoria.

Terceiro.- Pola súa parte, no que respecta á Administración Local a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, dispón no artigo 246 que se poderá efectuar nomeamentos de persoal funcionario interino para prazas vacantes sempre que non sexa posible, coa urxencia esixida polas circunstancias, a prestación do servizo con funcionarios de carreira e que o persoal debe reunir os



requisitos xerais de titulación e demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso como funcionarios de carreira, debendo cesar cando a praza sexa cuberta en propiedade ou cando a corporación considere que cesaron as razóns de urxencia que motivaron a cobertura interina.

Cuarto.- Non obstante o réxime xurídico exposto nos apartados anteriores, cómpre recordar o disposto no artigo 19.Dous da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, de aplicación a todas as administracións públicas, segundo o cal durante o ano 2018 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos, agás nos casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Á vista do citado artigo, infórmase que na solicitude da Interventora xeral municipal co conforme do concelleiro responsable da Área de Facenda, xa se fai constar o cumprimento deste requisito, polo que cómpre remitirse a aquela, que máis arriba se reproduce.

Quinto.-É competencia do Alcalde exercer a superior dirección do persoal ao seu servizo consonte o previsto no artigo 124.4.i) da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e o artigo 13.2.i) do Regulamento orgánico do goberno e administración municipal publicado no BOP núm.248 do 28 de decembro de 2005.

Mediante Decreto da alcaldía do 21/04/2017, se lle atribúen ao concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio as decisións, propostas e trámites en materia de persoal que sexan competencia da Alcaldía.

En atención ao exposto, esta Concellería de Goberno, en exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE:

Primeiro.- Declarar xustificada a necesidade urxente e inaprazable de efectuar o nomeamento interino dun técnico de administración xeral para o Servizo de Intervención.

Segundo.- Nomear a don Juan Antonio Lorenzo Ramírez, DNI núm. 36101601L, técnico da administración xeral deste Concello, co carácter de funcionario interino integrado no grupo A, subgrupo A-1, coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de clasificación e as complementarias correspondentes ao posto de técnico no Servizo de Intervención (CDG 6102), con efectos do día 17 de setembro de 2018, advertindo ao nomeado que cesará no posto de forma automática de se cubrir a praza con funcionario de carreira, cando desaparezan as razóns de urxencia que motivan este nomeamento ou cando conorra a causa exposta na base 12ª das bases reguladoras da lista de reserva (lista C) coa categoría de técnico de administración xeral aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria que tivo lugar 21/12/2015 (BOP núm.16, do 26/01/2016 e núm.40 do 29/02/2016), reproducida no antecedente de feito terceiro da presente resolución.

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio por delegación do Excmo. Sr. Alcalde, perante o Secretario da Administración municipal, que DA FE da precedente Resolución.

